

XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente nº: 62/92.

R E S O L U C I Ó N

PRESIDENTE:

Don Luis González Vázquez.

VICEPRESIDENTE:

Don Francisco Caamaño Pajares.

VOCAIS:

Don Manuel Martínez Garrido.

Don Manuel Veiga Franco.

Don José Antonio Illán Torrón.

Don Emilio Sánchez Coto.

SECRETARIO EN FUNCIONES:

Don Luis Quiroga Arnal.

Na cidade de Lugo, a nove de decembro de mil novecentos noventa e oito, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na Sala de Xuntas da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

Visto no día da data o expediente número 62/92 para a clasificación como veciñal en man común do monte " DE REBEDUL ", concello de BALEIRA, iniciado por acordo do Xurado coa data do 9 de xullo de 1992, sendo vocal instructor do mesmo DON MANUEL VEIGA FRANCO, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Aceptado o cargo polo vocal instructor, iniciouse o expediente número 62/92 (a instancia de DON DAVID DÍAZ ÁLVAREZ e 3 veciños máis, con domicilio no lugar de REBEDUL, parroquia de Córneas, concello de BALEIRA), poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da ACTA da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do instructor.

SEGUNDO: Recabouse do Servicio de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, certificación relativa a se o monte de referencia figura

incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de LUGO.

TERCEIRO: Recibiuse certificación do Servicio de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, relativa a que o monte "DE REBEDUL", non figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de LUGO.

CUARTO: Solicitáronse do Rexistro da Propiedade da FONSAGRADA os documentos seguintes: 1º) certificación dos asentos que poidan afectar ó terreo en cuestión e que acredite o nome das persoas a favor das que estea inscrito, expresando título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade segundo os asentos; e 2º) certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

QUINTO: Recibiuse certificación do Rexistro da Propiedade da FONSAGRADA, na que se fai constar que o monte " DE REBEDUL " non figura inscrito nese rexistro e que non existe presentado no libro Diario e pendente de despacho ningún documento referente á finca que se certifica.

SEXTO: Comunicóuselle ó Servicio Provincial de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes a iniciación do expediente.

SÉTIMO: Comunicóuselle ó Rexistro da Propiedade da FONSAGRADA a iniciación do expediente e solicitouse ANOTACIÓN PREVENTIVA.

OITAVO: Comunicóuselle ó concello de BALEIRA a iniciación do expediente e remitíuselle EDICTO para a súa colocación no taboleiro de anuncios, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia ós que pertence o citado monte.

NOVENO: Comunicóuselle ó solicitante da clasificación DON DAVID DÍAZ ÁLVAREZ, veciño de REBEDUL, concello de BALEIRA, a iniciación do expediente.

DÉCIMO: Recibiuse comunicación do Rexistro da Propiedade da

FONSAGRADA na que se fai constar a anotación preventiva feita polo mesmo.

DÉCIMO PRIMEIRO: Recibiuse certificación do concello de **BALEIRA** na que se fai constar que o **EDICTO** estivo exposto ó público no taboleiro de anuncios do concello durante o prazo de 30 días.

DÉCIMO SEGUNDO: Remitiuse **EDICTO** para a súa publicación no **D.O.G.**, poñendo en coñecemento de tódolos interesados a iniciación do expediente, co fin de que puideran comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

DÉCIMO TERCEIRO: Coa data do 23 de xullo de 1996 aparece publicado o **EDICTO** no **D.O.G.**, número 144, páxina 7.137, polo que se pon en coñecemento público a iniciación do expediente.

DÉCIMO CUARTO: Recibiuse escrito de **DON ANTONIO LÓPEZ GÓMEZ**, veciño de **PARADELA DE CÓRNEAS**, concello de **BALEIRA**, no que solicita que o monte non sexa clasificado, aducindo que non existe comunidade xermánica, senón romana, traendo segundo di a súa cota causa da merca efectuada polo seu avó, segundo escritura notarial do 25 de febreiro de 1912. Este derradeiro documento non consta incorporado ó expediente.

DÉCIMO QUINTO: Recibiuse escrito de **DON MANUEL GEGÚNDEZ FERNÁNDEZ**, veciño de **CÓRNEAS**, concello de **BALEIRA**, no que solicita que o monte non sexa clasificado, aducindo que non existe comunidade xermánica, senón de tipo romano. Aporta:

- Fotocopia compulsada da escritura coa data do 15 de decembro de 1852.

Con posterioridade remite os documentos que a seguir se relacionan:

- Fotocopia compulsada da escritura pública de doazón coa data do 29 de marzo de 1961, outorgada por **DON EUSTAQUIO GEGÚNDEZ DÍAZ** e **DONA BRÍGIDA FERNÁNDEZ ÁLVAREZ**, a favor de **DON MANUEL GEGÚNDEZ FERNÁNDEZ**. Este documento foi inscrito no Rexistro da Propiedade da **FONSAGRADA**.

- Fotocopia compulsada do testamento de DONA BRÍGIDA FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, así como do certificado de defunción e outros documentos relativos á liquidación e pago do Imposto Xeral de Sucesións.

DÉCIMO SEXTO: Recibiuse escrito asinado por DON MANUEL GEGÚNDEZ FERNÁNDEZ, DON GUMERSINDO ÁLVAREZ BECERRA e DON ANTONIO LÓPEZ FERNÁNDEZ, todos eles veciños de VILARDOI, concello de BALEIRA, no que declaran que o monte foi utilizado desde sempre por eles "tanto con fins agrícolas como de pastoreo".

DÉCIMO SÉTIMO: Recibiuse escrito de DON RAMIRO FERNÁNDEZ LÓPEZ, veciño de FONTECABADA-CÓRNEAS, concello de BALEIRA, no que solicita que o monte non sexa clasificado, aducindo titularidade sobre o mesmo. Acompaña fotocopia dunha escritura coa data do 4 de febreiro de 1894.

DÉCIMO OITAVO: Como vocais representantes no Xurado pola comunidade implicada no procedemento de clasificación resultaron elixidos:

DON MANUEL DÍAZ TELO.

DON OCTAVIO LÓPEZ BARRIO.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdicción para coñecer o expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989 do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- O monte " DE REBEDUL ", tal e como se describe seguidamente reviste o carácter de veciñal en man común, cumprindo os requisitos do artigo 1 da citada Lei, estando en parte repoboado con P. sylvestris implantado en virtude do Consorcio suscrito polo concello de BALEIRA e o Patrimonio Forestal do Estado e o resto cuberto de mato. Non se observan nel aproveitamentos individualizados, muros de cerramento, mouteiras, etc. que advirtan dun uso distinto ó de comunal. Non se advirten sinais que indiquen que na actualidade os veciños de VILARDOI, concello de BALEIRA, o veñan aproveitando. Tampouco se materializa sobre o terreo a participación que di ter DON RAMIRO FERNÁNDEZ LÓPEZ.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, resolve:

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte das seguintes características:

- Nome: " DE REBEDUL ".
- Pertenza: veciños do lugar de Rebedul.
- Parroquia: Córneas.
- Superficie: 75 ha.
- Concello: Baleira.

DESCRICIÓN DO PERÍMETRO:

Partindo dunha pedra movida na beira dereita da estrada de LOUXAS á CEREIXAL, paraxe "Castiñeira Vella", na que cadran os concellos de BECERREÁ, BALEIRA e NAVIA DE SUARNA, segue polo límite do concello de BECERREÁ ata os cultivos agrícolas e de cereais do pobo de REBEDUL, que bordea, ata chegar ó camiño vello polo que segue para despois continuar por unha faixa que separa os termos do citado lugar e VILAGARCÍA, segue a linde dunha repoboación xove (de VILAGARCÍA) e outra vella (de REBEDUL), ata a faixa aberta no arboredo adulto de pinus sylvestris polo que se chega á pedra citada ó comezo.




Handwritten signatures and scribbles in blue ink, including a large circular scribble and several distinct signatures.

Término

de

Fonsagrada

LU 4 2.14 1



Término de Navia

Becerreá

de

Término

